

## 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

### INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de 15 minutos.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán 0,50 puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán 0,125 puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun X ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**



**1. Quen promulga as leis de Galicia?**

- A) O Presidente da Xunta no nome do Rei.
- B) A Xunta no nome do Rei.
- C) O Parlamento de Galicia no nome do Rei.
- D) O Presidente do Goberno español no nome do Rey.

**2. De acordo coa Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, sinala cal das seguintes opcións é incorrecta respecto ás obrigacións do persoal estatutario dos servizos de saúde:**

- A) Cumprimentar os rexistros, informes e demais documentación clínica ou administrativa establecidos na correspondente institución, centro ou servizo de saúde.
- B) Cumprir as normas relativas á seguridade e saúde no traballo, así como as disposicións adoptadas no centro sanitario en relación con esta materia.
- C) Cumprir ao seu arbitrio as instrucións recibidas dos seus superiores xerárquicos en relación coas funcións propias do seu nomeamento, e colaborar leal e activamente no traballo en equipo.
- D) Ser identificados polo seu nome e categoría profesional polos usuarios do Sistema Nacional de Saúde.

**3. Sinala cal das seguintes é unha das Intervencións públicas sobre actividades, centros e bens establecidas por Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia**

- A) Establecer sistemas de información e rexistro sobre patoloxías, perigos e riscos para a saúde ou poboacións específicas.
- B) Proponer medidas de carácter sanitario trasladando á consellería competente en materia de sanidade as iniciativas que teñan como finalidade elevar o nivel de saúde da poboación.
- C) A elaboración e aprobación dos protocolos de vixilancia sanitaria específica segundo os riscos para a detección precoz de problemas de saúde que poidan afectar os traballadores e traballadoras no desenvolvemento das súas tarefas.
- D) A realización de estudos epidemiolóxicos para a identificación e prevención de patoloxías que, con carácter xeral, poidan verse producidas ou agravadas polas condicións de traballo.

**4. Segundo o Artigo seis da Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeneral de Sanidade, as actuacións das Administracións Públicas Sanitarias estarán orientadas:**

- A) Á promoción da saúde.
- B) Á promoción do principio de igualdade entre mulleres e homes.
- C) Á promoción dos principios de eficacia, celeridade, economía e flexibilidade.
- D) Á promoción da dignidade humana e intimidades das persoas.

5. A Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais regula o tratamento de datos na investigación en saúde, sinala cal dos seguintes criterios é incorrecto:

- A) O interesado ou, no seu caso, o seu representante legal poderá outorgar o consentimento para o uso dos seus datos con fins de investigación en saúde e, en particular, a biomédica. Tales finalidades poderán abarcar categorías relacionadas con áreas xerais vinculadas a unha especialidade médica ou investigadora.
- B) As autoridades sanitarias e institucións públicas con competencias en vixilancia da saúde pública poderán levar a cabo estudos científicos sen o consentimento dos afectados en situacións de excepcional relevancia e gravidade para a saúde pública.
- C) Considérase lícito o uso de datos persoais seudonimizados con fins de investigación en saúde e, en particular, biomédica.
- D) Considerarase lícita e compatible a reutilización de datos persoais con fins de investigación en materia de saúde e biomédica cando, obténdose o consentimento para unha finalidade concreta, utilídense os datos para finalidades ou áreas de investigación non relacionadas coa área na que se integrase cientificamente o estudo inicial.

6. O Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde no seu Artigo 8 establece que para persoas con discapacidade en cada convocatoria reservárase un número de prazas que representen como mínimo:

- A) O tres por cento
- B) O cinco por cento
- C) O seis por cento
- D) O dez por cento

7. De acordo coa Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, o Persoal de formación universitario ao Atendendo ao nivel académico do título esixido para o ingreso, sinala a incorrecta:

- A) Licenciados con título de especialista en Ciencias da Saúde.
- B) Licenciados sanitarios.
- C) Diplomados con título de Especialista en Ciencias da Saúde.
- D) Técnicos sanitarios superiores con título de Especialista en Ciencias da Saúde.

8. De conformidade co Art. 29.2 da lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de Riscos Laborais, sinala das seguintes obrigacións dos traballadores, a incorrecta:

- A) Usar adecuadamente, de acordo coa súa natureza e os riscos previsibles, as máquinas, aparellos, ferramentas, substancias perigosas, equipos de transporte e, en xeral, calquera outros medios cos que desenvolvan a súa actividade.
- B) Utilizar os medios e equipos de protección facilitados polo empresario, de acordo coa experiencia do propio traballador, aínda que non coincidan coas instrucións recibidas do empresario.
- C) Non poñer fóra de funcionamento e utilizar correctamente os dispositivos de seguridade existentes ou que se instalen nos medios relacionados coa súa actividade ou nos lugares de traballo nos que esta teña lugar.
- D) Cooperar co empresario para que este poida garantir unhas condicións de traballo que sexan seguras e non entrañen riscos para a seguridade e a saúde dos traballadores.

9. Segundo a Constitución, a forma política do Estado español é:

- A) A Monarquía parlamentaria
- B) A democracia parlamentaria
- C) A Monarquía hereditaria
- D) A Monarquía autócrata

10. A Artigo 4. Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia regula quen son os titulares do dereito á protección da saúde e á atención sanitaria. Sinale cal das seguintes é a opción incorrecta para acreditar a residencia prevista no apartado 1 do devandito precepto

- A) Que conste o empadramento en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma cunha antigüidade de máis de 183 días.
- B) Que radique en Galicia o núcleo principal ou a base dos seus intereses económicos, de forma directa ou indirecta.
- C) Que residan habitualmente en Galicia o cónxuxe, ou a persoa con análoga relación de afectividade, non separado legalmente, e os fillos ou as fillas ou os menores de idade que dependan da persoa física.
- D) Que se trate de persoas en situación de urxencia e emerxencia.

#### Preguntas de reserva

1. A lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes en o seu artigo 6 regula o outorgamento do consentimento por substitución. Sinale cal das seguintes situacións de outorgamento do consentimento por substitución é a correcta:

- A) No caso de que a decisión do representante legal sexa contraria aos intereses do menor ou incapacitado, haberán de poñerse os feitos en coñecemento da autoridade competente en virtude do disposto na lexislación civil.
- B) Cando se trate menores non incapaces nin incapacitados, pero emancipados ou con dezaseis anos cumpridos, os pais prestarán en todo caso o consentimento por substitución.
- C) Cando o paciente sexa un incapacitado legal, o dereito corresponde ao seu representante legal, que haberá de acreditar de forma calquera forma admitida en Dereito, que está legalmente habilitado para tomar decisións que afecten á persoa do incapaz.
- D) Cando o paciente estea legalmente incapacitado para tomar decisións, por criterio do médico responsable da asistencia, o dereito corresponderá aos seus familiares ou ás persoas vinculadas de feito a el.

2. Sinale a resposta incorrecta, son valores superiores do ordenamento xurídico español segundo a Constitución española:

- A) A liberdade
- B) A xustiza
- C) O pluralismo político
- D) O Dereito á vida

